

LOS PERROS

[Marcela Said, 2017]

404

ESTREA EN NUMAX: 29.06.2018 | V.O. | +12

Los perros (2017, 94')

Dirección: Marcela Said

Guión: Marcela Said

Elenco: Antonia Zegers, Alfredo Castro, Rafael Spregelburd, Alejandro Sieveking

Son: Leandro de Loredo

Montaxe: Jean de Certeau

Dirección de arte: María Eugenia Hederra

Fotografía: Georges Lechaptois

Música: Grégoires Auger

Produtoras: Jirafa, Cinémadefacto, Augenschein Filmproduktion (Chile)

Distribuidora: Karma Films

Formato de proxección: DCP2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Español

FILMOGRAFÍA

El verano de los peces voladores, 2013

El Mocito, 2001 [con Jean de Certeau]

Opus Dei, una cruzada silenciosa, 2006

[con Jean de Certeau]

I Love Pinochet, 2001

PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2017 (Premio Horizontes Latinos), Fénix 2017 (Nomeada a mellor actriz —Antonia Zegers—), Premios Platino 2018 (Mellor actor —Alfredo Castro), Cairo 2017 (Mellor guión), Cannes 2017 (Semana da Crítica)

SINOPSE

Mariana é unha muller de clase acomodada que ocupa os seus días dirixindo unha galería de arte e aprendendo a montar a cabalo. Desprazada polo seu pai e o seu marido nos negocios familiares, Mariana comeza sentirse atraída polo seu profesor de equitación Juan, un militar retirado investigado pola súa antiga conexión coa ditadura chilena. Pero esta nova amizade levaraa a se encontrar cos abusos daqueles anos e cos muros invisíbeis que protexen a súa familia.

«Gran filme que fai do non dito o seu tema principal. Un luxo»

Diego Muñoz, EL MERCURIO



“É preciso ter conciencia de que un monstro habita en cada un de nós”

Entrevista con Marcela Said

Non é a primeira das súas películas que evoca a ditadura chilena. Diría que se trata dun tema como calquera outro ou, pola contra, é unha obsesión? Non se trata necesariamente dunha obsesión, pero como medrei durante a ditadura de Pinochet, nun ambiente moi militarizado, iso forma parte da miña propia historia. Cando tiña 13 anos, alguén me explicou que era unha democracia, nalquel intre comprendín que Chile non o era... A pesar de non ser unha vítima directa da ditadura, para min non pode ser un tema como calquera outro.

A súa obsesión sería máis ben o mal, con M maiúsculo... Si, pero o mal en sentido amplo. Non me interesan necesariamente os torturadores da ditadura, trátase do mal ordinario. O torturador, finalmente, pode ser eu, ti... un día baixo coacción poden obrigarnos ao peor. É preciso ter conciencia de que un monstro habita en cada un de nós. Mentres non o comprendamos, estaremos en perigo. Desta forma nace o fascismo.

Vostede descubriu na escrita da súa primeira ficción, a necesidade de incorporar algo de vostede mesma nun

personaxe para convertelo en máis humano. Mariana é vostede? Si e non. Temos puntos en común, seguro. Coma min, Mariana é moi curiosa. Curiosa coa natureza humana e os seus límites. Até onde é quen de ir a persoa humana? É o tipo de preguntas que eu me fago. Mais ela, de entrada, é insolente, intrigante, imprevisibel. Nunca se sabe o que vai facer. É o que me gusta do cinema: o imprevisibel.

Ao igual ca no seu filme anterior, *El verano de los peces voladores* (2013), a relación pai-filla está moi presente en *Los perros*. Trátase doutra das súas obsesións? [Risas] Só me decatéi con posterioridade. Non o fixen adrede. Se cadra me apeteceu ou desexei inconscientemente matar o pai. O meu ten un carácter moi forte, dominante, apoiou a ditadura... No sentido que pensaba que Pinochet era bo para o país, nin máis nin menos que moitos chilenos...

Antonia Zegers, a quen vimos en varios filmes de Pablo Larraín, resulta sorprendente no seu papel. Como a dirixiu? Fixen un cásting con moitas actrices, pero cando atopei a Antonia, gustoume a súa enerxía. Ten moito carácter. Iso interesoume, pero pensei que non ía ser sempre doado. Como ela tamén é moi xenerosa, todo foi moi sinxelo. Con Alfredo Castro, por outra parte, que interpreta o Coronel, ou con Elvis Fuentes, un actor que descubrín no teatro, sucedeu o mesmo. Tiven moita sorte ao atopar uns actores tan bos. Eles foron os meus cómplices en certo sentido.

Sabendo que o filme era politicamente incorrecto para Chile, precisaba apoio.

Quen son os cans do título? Trátase de varias cousas. Trátase dos cans do filme, os de Mariana, pero tamén dos homes que a rodean. Seu pai, marido, o policía... Todos son moi machos. Por moito que ela diga que non quere recibir máis ordes sofre toda esa violencia machista. *Los perros* evoca tamén os militares que foron empregados como cans para levar a cabo o traballo sucio durante a ditadura. Está tamén aquela expresión que a burguesía chilena empregaba para definir a xente de abaixo, aqueles que non era coma ela: o *perraje* que vén desá palabra. Finalmente, en Chile, hai moitos cans vagabundos.

Considera que *Los perros* é un filme feminista? Non sei se o meu filme o é, pero en todo caso descubrín que eu si son feminista. Debe saberse que procedo dun país onde o noso corpo non nos pertence. O aborto aínda está legalmente castigado, se se sorprende a unha muller abortando, vaíse á cadea. Estamos no ano 2017... Cando se procede dunha sociedade así, resulta imposible non converterse en feminista.

A música desempeña un papel importante, semella que esteamos nun filme de Lynch... Quería que houbera tensión. Era necesario que fose orixinal, estraña... Cando Grégoire Auger me puxo aquelas cordas que me lembraban o ladrado dun cando, souben que era o que precisaba.

Publicado en karmafilms.es
Tradución: Xan Gómez Viñas

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

Abónate
e ven sempre
por
4,5€

**Faite
NUMAX!**